



DECRETO DA PRESIDENCIA

ASUNTO:FOLGA XERAL 15.06.2023

EXPEDIENTE:2023/G003/000265 **EXPEDIENTE DE ORIGEN:**2023/X999/000185

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o informe proposta da Xerencia deste Consorcio do 14.06.2023 co seguinte teor literal:

<<(…)Emítase o seguinte informe de conformidade co disposto no artigo 16º dos Estatutos reguladores do Consorcio.

ANTECEDENTES

Con data 06.06.203 e número de rexistro de entrada 20239990000291 recíbese no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña acordo firmado por D. Javier Fontela Ferreiro, presidente do comité de Empresa e por D. Angel Moldes García, portavoz da MIB Galicia, informando do inicio dunha folga xeral o vindeiro 15.06.2023.

Por parte deste Consorcio procedese a convocatoria do comité de folga, a través do comité de empresa, por non ter coñecemento dos compoñentes do comité de folga, o día 13 xuño ao fin de determinar os servizos mínimos.

Non chegando a un acordo, tal como se reflicte na acta da reunión do 13 xuño (ANEXO I) emítase o seguinte:

INFORME

Tendo en conta o anterior, cabe lembrar que o servizo que se presta, é un servizo público de carácter esencial, dirixido á protección e salvamento de persoas e bens en situacións de risco e emerxencias.

Segundo se desprende das Memorias de Actividades do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña dos pasados anos, pódese afirmar con rotundidade que en calquera momento do día ou da noite, sexa o día da semana que sexa, pode xurdir unha emerxencia (accidente de tráfico, excarceración, incendios en naves, vehículos, vivendas, locais, fugas de gas, ... etc.), polo que en función da operatividade, debe atenderse a criterios de intervención que na medida do posible garantan o principio de seguridade, tanto respecto dos efectivos actuantes como dos afectados directa ou potencialmente pola emerxencia.

Da acta da reunión, entre o Consorcio e o Comité de folga do 13 Xuño, extraese o seguinte:

A proposta da parte social é de 1 cabo e 4 bombeiros (1 mando e 2 binómios) por turno.

Esta proposta resulta imposible de cumprir, por dúas razóns:

- 1.- O cadro de persoal de cada un dos parques pertencentes a este Consorcio Provincial está composto por 18 persoas (1 sarxento, 5/6 cabos e 12/11 bombeiros). Con esta dotación de persoal, aplicando a proposta da parte social, poderíamos dar cobertura a 3 turnos de 5 efectivos (1 cabo e 4 bombeiros), e quedarían 2 efectivos para posibles baixas ou reforzos. De todos é coñecido que para prestar servizo 24 horas/7 días a semana son precisos, alomenos 5 turnos.
- 2.- Por outra banda, tal distribución, deixaría sin posibilidade de exercer o dereito a folga a totalidade da plantilla.

O que se propón dende a xerencia do Consorcio é a presenza, mínima, de 1 cabo e 2 bombeiros (1 mando e 1 binómio).

Esta proposta si resulta de fácil aplicación, en base a:

- 1.- Conformaríanse 5 turnos de 3 efectivos que darían cobertura as 24 horas dos 7 días da semana, quedando 2 efectivos libres. Esta é a dotación mínima que se da en calquera das gardas ordinarias o longo do ano e con ela resólvense a inmensa maioría das intervencións. Feito este facilmente comprobable nas mencionadas Memorias de Actividades.
- 2.- Deste xeito permítase que o persoal poida exercer o seu dereito a secundar a folga.

Por outra banda están os postos de xefatura, sarxentos-xefes de parque. Dispoñemos de un sarxento por cada un dos dez parques que xestiona o Consorcio.

Este persoal traballa de luns a venres, non festivos, de 8:00 a 15:00 h.

Co fin de poder facilitarlle o seu dereito a folga, propónse a permanencia no seu posto de traballo en días alternos (Luns, mércores e venres), podendo os martes e xoves exercer o dereito a folga.



Polo exposto, faise preciso o establecemento duns servizos mínimos que permitan o cumprimento do dereito a folga dos traballadores e, ao tempo, a prestación dos servizos esenciais de cara á cidadanía por tratarse dun servizo de emerxencias. Así pois, propónse :

- Servizo prestado na subsede de Ribeira por unha persoa con funcións de xefe de quenda-condutor e unha persoa con funcións de bombeiro-condutor.
- Servizo prestado no resto dos nove parques de bombeiros pertencentes a este Consorcio por unha persoa con funcións de xefe de quenda-condutor e dúas persoas con funcións de bombeiro-condutor.
- Servizo prestado polo Sarxento Xefe de parque os días luns, mércores e venres de cada semana.

Ese servizo entenderase prestado polo persoal por quenda de traballo sen necesidade de reforzo, garantindo en todo momento a actividade contra incendios e de salvamento durante o tempo que dure a folga.

Para acadar dito fin estableceuse como funcións básicas a desempeñar durante a folga:

1.- Categoría de sarxento-xefe de parque:

- a) Exercer a xefatura do Parque.
- b) Constituír os equipos de traballo e establecer o seu orden de actuación de forma que se cubran sempre e simultaneamente as saídas, así como establecer a cobertura de ausencias e similares.
- c) Asegurar en todo momento que as dependencias, instalacións, vehículos, materiais, ferramentas, equipos persoais e condicións persoais do persoal baixo a súa dependencia estean en óptimas condicións de funcionamento.
- d) Tomar as medidas necesarias para a boa marcha do Parque.
- e) Asistir ás reunións convocadas polos seus superiores.
- f) Supervisión e inspección das actuacións en emerxencias.
- g) Coordinación no Parque do Programa de Mantemento dos vehículos.
- h) Coordinación no Parque do Programa de Mantemento dos equipos, dotacións e instalacións.
- i) Coordinar as solicitudes de material e equipos.
- j) Libros de rexistro, estadillos, informes, etc.
- k) Coordinación das actividades propias do Parque.
- l) Informar ó superior xerárquico das actuacións ou actividades que se realizarán ou estén en curso.
- m) Cumplimentar os partes ou follas de actuación, estadillos ou outros mecanismos de control.
- n) Controlar as actividades asignadas ó Parque.
- ñ) Dirixir e coordinar as actuacións na intervención, se fose preciso ou a requerimento.
- o) Cumplir as directrices dos seus superiores xerárquicos.

2.- Para a categoría de cabo-xefe de quenda-condutor:

- a) Velar pola seguridade dos membros do Parque baixo a súa dependencia, pola rapidez da actuación e pola eficacia do servizo que se preste, tendentes a reducir ó máximo posible os efectos dos sinistros, en primeiro lugar sobre as persoas e tamén sobre os bens.
- b) Transmitir de forma fidedigna as ordes dos seus superiores ó persoal baixo a súa dependencia.
- c) Inspeccionar as dependencias, materiais, ferramentas, equipos persoais e condicións persoais do persoal baixo a súa dependencia, ó rematar as manobras e servizos, e se é necesario tomar as medidas para solucionar as anomalías detectadas dando conta ós seus inmediatos superiores.
- d) Tomar nota nos libros de control de todas as novidades que se refiran ós servizos prestados, ás dependencias e instalacións, materiais, ferramentas e persoal baixo a súa dependencia.
- f) Cumprir calquera outra función que sexa necesaria para a execución dos servizos que se prestan e calquera outro



traballo que lle encarguen os seus superiores sempre que sexan relacionados co servizo de emerxencias.

- g) Supervisar calquera actividade que programe o Sarxento, relacionado co servizo de emerxencias.
- h) Control e mantemento básico dos vehículos.
- i) Control e mantemento básico dos equipos e dotacións.
- j) Control e mantemento básico de instalacións
- k) Coordinación das actividades de cada turno.
- l) Cumplir as directrices do Xefe de Parque.
- m) Cumprimentar os partes ou follas de actuación, estadillos ou outro mecanismo de control.
- n) Dirixir e coordinar as actuacións na intervención.

O Cabo será o encargado de cumprimentar o parte de actividades desenroladas polo Equipo e de entregarllo ó Sarxento para a súa firma, con indicación de calquer tipo de anomalía. De ser necesario, redactará o informe correspondente.

3.- Para a categoría de bombeiro-condutor:

- a) Levar a cabo o ataque a sinistros, de acordo coas instrucións do seu superior e as sistemáticas de actuación vixentes, para procurar o salvamento de persoas e bens.
- b) Actuar con celeridade, observando en todo momento a seguridade dos cidadáns, compañeiros e a súa propia.
- c) Realizar todos aqueles labores encomendados polo seu superior que sirvan de apoio á actuación e ó rápido establecemento da normalidade.
- d) Propiciar o traballo en equipo mediante a información continua da evolución do sinistro e os resultados dos seus cometidos na zona de actuación na que interveña.
- e) Manterse no posto ou lugar asignado ata nova orde ou finalización dos seus cometidos, neste caso informará inmediatamente ó seu superior sobre os resultados do seu traballo. Excepto nos casos que vexa en perigo a súa integridade física.
- f) Cumprir na súa xornada de traballo as actividades, de conformidade co calendario laboral acordado ó efecto.
- g) Manter a destreza e habilidade necesarias para o óptimo manexo do material, observando as normas de seguridade específicas para cada útil ou ferramenta.
- h) Responsabilizarse do equipo que forma a dotación de material de persoal ou do vehículo asignado, coñecendo a disposición do mesmo e realizando as revisións pertinentes ó relevo do servizo de acordo coa seguinte sistemática:
 - 1. Verificarase a existencia de todo o material habitual no vehículo e a súa ubicación adecuada.
 - 2. Comprobarase o funcionamento e a existencia de consumibles necesarios para o seu uso prolongado.
 - 3. Realizarase a limpeza do material e vehículo naqueles casos que proceda.
 - 4. Informarase ó superior das situacións de anomalía, deterioro ou gasto que se observen.
 - 5. Despois de cada actuación repoñerase inmediatamente o material danado e os consumibles utilizados durante a mesma. Igualmente limparase e acondicionaranse nos casos que procedan.

De todas estas accións darase debida conta ó superior inmediato.

- i) Manexar o vehículo durante a prestación de servizos, así como os elementos mecánicos mantendo en todo momento as prescricións de seguridade e as normas de circulación e utilización
- j) Realizar o mantemento básico dos vehículos, de acordo co programa de mantementos de instrucións fixadas para cada vehículo, dentro das correspondentes a súa categoría.
- k) Realizar os labores necesarios para o rescate e avaliación dos accidentados en calquera intervención, tanto en apoio dos servizos sanitarios presentes no lugar como en ausencia destes.
- l) Realizar as labores propias de intervención, rescate ou auxilio en función da emerxencia tratada.
- m) Realizar as tarefas de mantemento básico, limpeza e conservación do equipo o seu cargo ou na súa quenda .
- n) Realizar o mantemento básico das instalacións do Parque
- ñ) Cumprir as directrices marcadas polo Cabo. > >



Por todo o anterior e de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o 14 dos Estatutos reguladores do Consorcio, mediante o presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta no seus mesmos termos.

SEGUNDO.- Notificar esta resolución ao comité de folga e ao comité de empresa.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución, para o seu xeral coñecemento, na páxina web e na sede electrónica do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, así como nos taboleiros de anuncios dos parques de bombeiros.

Carballo, na data da sinatura dixital.

O presidente,
Asdo.: Valentín González Formoso

A secretaria interventora,
Asdo.: M^a Graciela Riveiro Moreira